

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 51809 (10/CPC-000115)
Da secretaria xeral de Igualdade, a petición propia, para dar conta do Informe sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero 2017 e 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 23.06.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 49488 (10/POC-007831)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión e as previsión do Goberno galego respecto da política laboral que se está a seguir no Sergas e a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á concatenación de contratos eventuais para postos de carácter estrutural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019
- 2.2 51048 (10/POC-007973)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á prevención, á atención e ao control da ludomanía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019
- 2.3 51548 (10/POC-008010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019
- 2.4 51699 (10/POC-008025)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre o sistema que está a aplicar o Servizo Galego de Saúde para o cómputo do número de efectivos do sistema sanitario público de Galicia, o reflexo fiel da realidade dos seus recursos humanos e o número de profesionais que están a traballar na actualidade no Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 23.06.2019



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 51809(10/CPC-000115)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral de Igualdade, para dar conta do Informe sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, 493, 23.06.2019



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª- Sanidade, Política Social e Emprego- da secretaria xeral de Igualdade para dar conta do "informe sobre a prestación periódica para as mulleres que sofren violencia de xénero 2017 e 2018".

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: D. ROSALÍA SEBORRANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 21/06/2019 13:42:30

Verificación: <http://sede.xunta.gal/ve>
Verificación: <http://sede.xunta.gal/ve>

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 49488(10/POC-007831)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión e as previsión do Goberno galego respecto da política laboral que se está a seguir no Sergas e a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á concatenación de contratos eventuais para postos de carácter estrutural

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación laboral do persoal do Sistema público de saúde segue a ser un dos problemas esenciais que afectan á calidade asistencial do noso sistema, e provoca unha enorme ineficiencia na xestión dos recursos dos que dispón este servizo público.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nas persoas usuarias. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles... Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.

O TSXG vén de condenar ao Sergas por unha situación como as descritas, cualificando como “torticeira” e “fraudulenta” a fórmula de concatenación de contratos eventuais para postos de obvio carácter estrutural. Non é a primeira vez que o Sergas afronta unha situación de este tipo, máis non se ten asumido ningunha responsabilidade sobre esta ou outras resolucións no mesmo sentido.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:48:14
Nº Registro: 49488
Data envío: 29/04/2019 17:48:14.163

Existen, como é coñecido, numerosas situacións idénticas que poden provocar unha problemática acumulada de carácter xudicial, que está sendo a única maneira de resolver un problema laboral que o Sergas deba afrontar pola súa propia iniciativa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a súa política de persoal no Sergas está sendo correcta ao fío da resolución xudicial citada?
2. Cantos casos iguais pode considerar a Xunta de Galicia que se atopan na mesma situación no Sergas?
3. Ten previsto o Goberno galego modificar a súa política laboral dados os problemas xudiciais que está recibindo?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2019 17:44:41

Noela Blanco Rodríguez na data 29/04/2019 17:44:46



CSV REGISTRO:W0YQFT865

Verificar
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 51048(10/POC-007973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego
destinadas á prevención, á atención e ao control da ludomanía

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A legalización das apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa. Ante esta situación a Xunta de Galicia acaba de presentar un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Pregunta para a súa resposta oral:

- Por que o Goberno non introduce no anteproxecto ningún tipo de control respecto ao acceso de menores ás máquinas comecartos?
- Considera o Goberno que é normal que se venda alcohol nos lugares de xogos e apostas?
- Contempla o Goberno algún tipo de Plan de prevención da ludomanía?
- Ante a insatisfacción do anteproxecto por parte de asociacións e profesionais que modificacións ten pensado facer o Goberno?
- Que valoración ten o Goberno en relación á atención sanitaria que se da ás persoas con ludomanía?
- Que valoración fai o Goberno sobre as medidas de prevención desta adicción?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/06/2019 12:18:33

CSV: REXISTRO0yB6E4W4
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 51548(10/POC-008010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 18:06:10
Nº Rexistro: 51548
Data envío: 13/06/2019 18:06:10.968

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar ao centro de saúde de Moaña do persoal suficiente para poder prestar unha atención sanitaria de calidade á veciñanza.

A atención sanitaria na nosa vila presenta unha preocupante situación debido ás graves carencias de persoal e medios materiais, como consecuencia dunha política feroz de recortes sobre a sanidade pública galega que se levan aplicando desde o 2009 polos gobernos do PP á fronte da Xunta de Galicia.

A atención sanitaria que está a recibir a veciñanza do concello de Moaña está a ser deficitaria tanto polas carencias de persoal como dos medios materiais e infraestruturas. Teñen só un pediatra a xornada completa e outro de xeito parcial para atender a máis de 2.500 crianzas, moi por enriba das ratios recomendadas, o que se ve agravado pola práctica de non substituíren as ausencias das persoas titulares das prazas, o que conleva grandes listas de agarda para consultas e revisións. Ademais, a atención pediátrica só está dispoñible en quenda de mañá, o que dificulta enormemente a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais.

CSM-REXISTROXV0Nlx1De5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 18:06:10
Nº Rexistro: 51548
Data envío: 13/06/2019 18:06:10.968

A situación d@s facultativ@s de familia non é mellor. O Sergas non substitúe as baixas de longa duración, nin os permisos nin vacacións, o que ten como consecuencia listas de espera para conseguir cita, ratios por enriba do establecido e recomendado.

No tocante ao persoal de enfermería cabe destacar a falta de cobertura das vacacións e libranzas da matrona, privando ás mulleres dunha atención xinecolóxica básica axeitada, cando cabe lembrar que as revisións xinecolóxicas preventivas xa non están incluídas dentro da carteira dos servizos sanitarios que presta o Sergas

Só teñen un fisioterapeuta para máis de 18.000 tarxetas, o servizo préstase só en quenda de mañá, non se cobren ao completo as libranzas do persoal, o que provoca listas de agarda inadmisibles.

E por último, a respecto ao Punto de Atención Continuada cabe sinalar un importante deterioro do mesmo, é constante a ausencia do reforzo de persoal facultativo, o que pon en risco a atención da veciñanza, ao precisar atención médica urxente e atoparse sen persoal sanitario, posto que o único equipo ten que desprazarse a domicilios, en ambulancia ata os hospitais de Vigo e atender o PAC á vez.

É evidente que a política sanitaria de recortes e desmantelamento da sanidade pública galega, levada a cabo polos gobernos do PP na Xunta de Galicia ocasiona graves deficiencias no dereito á atención sanitaria como servizo público fundamental.

CSX, REXISTRO XERAL DE ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 18:06:10
Nº Registro: 51548
Data envío: 13/06/2019 18:06:10.968

Por todas as razóns expostas, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai o Goberno galego solventar de forma inmediata os problemas ocasionados pola súa política de recortes no centro de saúde de Moaña?

Considera que a poboación está ben atendida sen dobre equipo médico durante todas as quendas da fin de semana no PAC?

Coida que unha poboación infantil de arredor de 2500 nen@s está ben atendida con só un pediatra a tempo completo e outro a tempo parcial?

Pode un só fisioterapeuta atender a demanda de 18.000 persoas?

Vai garantir a substitución das ausencias de todo o persoal: médic@s de familia, enfermería, matrona, asistente social, psx...?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 18:06:10
Nº Registro: 51548
Data envío: 13/06/2019 18:06:10.968

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 17:59:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 18:00:07

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 18:00:13

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 18:00:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 18:00:28

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 18:00:36

CSV REGISTRO XERAL DE GALICIA
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 51699(10/POC-008025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o sistema que está a aplicar o Servizo Galego de Saúde para o cómputo do número de efectivos do sistema sanitario público de Galicia, o reflexo fiel da realidade dos seus recursos humanos e o número de profesionais que están a traballar na actualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, 493, 23.06.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2019 12:13:06
Nº Rexistro: 51699
Data envío: 19/06/2019 12:13:06.630

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

De conformidade co artigo 114.2 da vixente *Lei de saúde de Galicia* o cadro de persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia constitúe a expresión cifrada, contable e sistemática dos efectivos que, como máximo, poden prestar servizos con carácter estrutural tanto na súa organización central e periférica coma nas súas institucións, centros e servizos con suxeición ás dotacións económicas consignadas nas correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referidos efectivos teñen o seu reflexo, por tanto, nos anexos da lei de orzamentos anuais, sendo de coñecemento público do resto das institucións, públicas e privadas, e para a cidadanía.

A maiores, a o citado artigo contempla os nomeamentos de carácter temporal necesarios para o mantemento da continuidade dos servizos ou para atender necesidades de carácter non permanente que se poidan realizar con cargo aos créditos existentes para esta finalidade.

Todo iso conforma a cifra total dos profesionais, de todas as categorías, que están a traballar no Servizo Galego de Saúde en cada momento.

Con frecuencia son ofrecidos datos diversos en relación ao número de profesionais que están a traballar no Servizo Galego de Saúde por diferentes organismos, tanto públicos como privados, en estudos comparativos, ou con fins estatísticos ou doutra índole.

Co obxecto de que este Parlamento coñeza e sexa clarificado o número real de traballadores que están actualmente prestando os seus servizos no Sergas, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o sistema de computo de número de efectivos que está a aplicar o Servizo Galego de Saúde?

CSM-REVISITOU/BLQYeaB
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2019 12:13:06
Nº Rexistro: 51699
Data envío: 19/06/2019 12:13:06.630**

- 2.- Considera que o sistema de cómputo aplicado polo Sergas reflicte fielmente a realidade dos recursos humanos do sistema sanitario público?
- 3.- Cantos profesionais están a traballar actualmente no Servizo Galego de Saúde?.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/06/2019 12:07:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/06/2019 12:07:40

María Ángeles García Míguez na data 19/06/2019 12:09:22

Marta Rodríguez Arias na data 19/06/2019 12:09:41

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/06/2019 12:10:04

María Soraya Salorio Porral na data 19/06/2019 12:10:25

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/06/2019 12:10:37

Raquel Arias Rodríguez na data 19/06/2019 12:11:10

Sandra Vázquez Dominguez na data 19/06/2019 12:11:37



CSV: REXISTROUR7B1qOyeab
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com